

1. DEVOLUCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POR CAUSAS IMPUTABLES Á ÁREA DE DEPORTES

Causas:

- Anulación de actividades que non reúnan un número mínimo de participantes.
- Cancelación debida a causa de forza maior.

Importe:

- Con carácter xeral, a Sección de Extensión Universitaria devolverá o importe íntegro pagado.
- Para as actividades xa iniciadas, devolverase a parte proporcional que corresponda desde a data da anulación ou cancelación.

Prazos da solicitude:

- Dentro dos **15 días naturais** a partir da data de inicio da actividade.
- Para as actividades xa iniciadas, dentro dos **15 días naturais** a partir da data da anulación ou cancelación.
- A Sección de Extensión Universitaria poderá establecer prazos especiais por cancelacións derivadas de forza maior.

As solicitudes presentadas fóra destes prazos serán desestimadas.

2. DEVOLUCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POR SOLICITUDE DA PERSONA INSCRITA

Causas:

- Enfermidade ou accidente (require baixa médica oficial).
- Traslado de expediente dun alumno.

Calquera destas causas deberá ser debidamente acreditada e sempre sobrevida.

Importe:

- Devolverase o importe íntegro pagado pola actividade ou a parte proporcional desde que suceda a causa.

No caso de actividades deportivas xa iniciadas, non se devolverá o Abono Matrícula ou Abono Deporte pagado.

Prazo de solicitude:

- Ata **7 días naturais** antes da data de inicio da actividade ou dentro dos 7 días naturais do inicio da causa acreditada.

As solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas.

Código Seguro De Verificación	LYI7CnoQxZ0guPbtVZRC6Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/07/2022 11:41:15
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/LYI7CnoQxZ0guPbtVZRC6Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN:

As solicitudes serán enviadas ás contas de correo de contacto da Área de Deportes. As que proceda devolver serán tramitadas pola Sección de Extensión Universitaria que iniciará os trámites que correspondan.

Código Seguro De Verificación	LYI7CnoQxZ0guPbtVZRC6Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Igualdade, Cultura e Deporte - Cristina López Villar	Asinado	19/07/2022 11:41:15
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/LYI7CnoQxZ0guPbtVZRC6Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

